

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación Transporte, Repentización e Acompañamento de Guitarra 2018-2019

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



Índice

1.	Introdución.....	4
2.	Metodoloxía.....	5
3.	Atención á diversidade.....	5
4.	Temas transversais.....	5
	4.1 <i>Educación en valores</i>	5
	4.2 <i>Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)</i>	6
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	6
6.	Secuenciación dos cursos.....	6
6.1	1º Curso.....	6
	6.1.1 <i>Obxectivos</i>	6
	6.1.2 <i>Contidos</i>	7
	6.1.3 <i>Avaliación</i>	8
	6.1.3.1 <i>Criterios de avaliación</i>	8
	6.1.3.2 <i>Mínimos esixibles</i>	8
	6.1.3.3 <i>Procedementos e ferramentas de avaliación</i>	8
	6.1.3.4 <i>Criterios de cualificación</i>	8
	6.1.3.5 <i>Criterios para a concesión de ampliación de matrícula</i>	11
	6.1.4 <i>Medidas de recuperación</i>	11
	6.1.4.1 <i>Procedementos de recuperación ordinarios</i>	11
	6.1.4.2 <i>Probas extraordinarias de setembro</i>	11
	6.1.5 <i>Recursos didácticos</i>	11
6.2	2º Curso.....	12
	6.2.1 <i>Obxectivos</i>	11
	6.2.2 <i>Contidos</i>	11
	6.2.3 <i>Avaliación</i>	12
	6.2.3.1 <i>Criterios de avaliación</i>	12
	6.2.3.2 <i>Mínimos esixibles</i>	12
	6.2.3.3 <i>Procedementos e ferramentas de avaliación</i>	12
	6.2.3.4 <i>Criterios de cualificación</i>	13
	6.2.3.5 <i>Criterios para a concesión de ampliación de matrícula</i>	15





6.2.4	Medidas de recuperación.....	16
6.2.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios.....	16
6.2.4.2	Probas extraordinarias de setembro.....	16
6.2.5	Recursos didácticos.....	16
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	16
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	17
9.	Anexos.....	17
9.1	Acceso ao curso 2º.....	17



1. Introducción

O estudio do acompañamento no novo plan L.O.E. abrangue tres cursos para as especialidades de piano , acordeón e crave, e dous para guitarra e instrumentos de corda pulsada do renacemento, iniciándose despois do derradeiro curso da disciplina de Harmonía que terá servido como base para adquirir uns coñecementos indispensables para abordar esta nova materia.

A práctica musical que se realiza baixo o nome de acompañamento caracterízase pola necesidade de interrelacionar capacidades, coñecementos e destrezas que, por si mesmas, constitúen ámbitos de saberes propios.

O sentido e valor educativo desta disciplina deriva da conveniencia de globaliza-los diversos compoñentes que a integran (lectura a vista, transposición, realización de cifrados, etc...).

De acordo con isto, nos contidos básicos desta disciplina hai que outorgar un lugar prioritario os procedementos ou modos de saber facer, que se ben resultan de natureza diversa, artículanse en torno a tres eixos principais:

- Destreza na técnica de execucion
- Plena comprensión dos coñecementos armónicos
- Capacidade creativa .

No referente a destreza na técnica de execución , entendemo-la como o grao de desenvolvemento dos mecanismos reflexos que a determinan, adquirida por suposto mediante a práctica diaria o longo dos anos iniciais da educación instrumental e que o acompañamento virá a potenciar; ó mesmo tempo e fundamental a comprensión dos conceptos armónicos adquiridos durante os dous cursos do grao profesional, que lle permitirán rapidez e facilidade no seu emprego, e que unido a súa capacidade creativa poderan desenvolvelos e aplicalos en situacións diversas.

Posto que o obxectivo principal desta disciplina consiste nun proceso practico de consolidacion do pensamento harmónico e da capacidade de realización en tempo real, o conxunto de coñecementos que a integran debe estar íntimamente relacionado a través dun enfoque pedagóxico común, aínda cando na práctica debe ser desagregado en diversos bloques.

Inclúense dentro dos bloques de contidos os seguintes campos de coñecementos:

-Destreza na transposición como mecanismo que permite adecua-la tonalidade á tesitura do solista, facilita a lectura de partituras de orquestra e ademais do seu valor funcional posúe un alto valor formativo que procede, por unha parte do dominio dos procedementos tradicionais e por outra, do enfoque sintético que aporta a lectura harmónica, grazas a todo o cal a estrutura interna dun fragmento musical pode ser interpretada en calquera tonalidade.

-Práctica da repentización como procedemento imprescindible para desenvolver automatismos que permitan ó instrumentista a realización instantánea do texto musical, asimilando o propio tempo e de forma inmediata as súas características en canto a época e estilo a que pertenza, tratando non soamente de incrementa-la capacidade de automatismo e velocidade na lectura do texto, senon de comprende-lo sentido dos seus elementos esenciais e interpretalos no instrumento a medida que se le a obra. Por iso a repentización esta estritamente relacionada coa análise, o que, pola súa vez, depende de toda unha serie de coñecementos teórico-prácticos previamente adquiridos.

-Realización de cifrados (baixos cifrados, cifrado funcional, cifrado americano) , como practica de acompañamento a unha melodía. Dita práctica permite relacionar de forma inmediata os coñecementos armónicos coa súa aplicación instrumental e, por exisir un certo grao de creatividade, supón un primeiro contacto coa improvisación propiamente dita, cuxo estudo en profundidade se poderá abordar dentro do grao superior.



-Estudo da improvisación como elemento de formación que capacite, a través da práctica de fórmulas específicas, para elaborar acompañamentos a melodías, así como para construír pequenas pezas musicais que permitan, por medio de ambos os dous procedementos, obter un primeiro contacto coa improvisación propiamente dita, cuxo estudo en profundidade se poderá abordar dentro do grao superior. Os contidos da repertización e acompañamento no grao profesional establecéronse non só polo seu valor de preparación para coñecementos que poidan adquirirse en tramos posteriores dentro dunha elección propia da especialización profesional, senón tamén polo valor intrínseco que representan na formación dun instrumentista. Por esta última razón, permanecen dentro do marco de coñecementos indispensables para satisfacer as necesidades habituais do instrumento.

2. Metodoloxía

A selección dos principios metodolóxicos e didácticos son esenciais, xa que marcarán o camiño a seguir na actuación do profesor no proceso didáctico.

1. Consideración das capacidades e características do alumnado.
2. Identificación dos esquemas de coñecemento que posúa o alumnado para a actuación consecvente, adaptando así os seus procesos cognitivos ó proceso didáctico.
3. Promover a actividade do alumnado.
4. Contribuír ó desenvolvemento da capacidade de autoaprendizaxe.
5. Crear un clima de aceptación mutua e cooperación.

3. Atención á diversidade

A necesidade dunha atención individualizada, xorde do feito de que todos os alumnos son diferentes e cada un necesita unha atención especializada. Unha programación aberta ten o propósito de atender á diversidade. Partindo desta formulación, esta atención específica verá determinada por variables como por exemplo; as capacidades, os coñecementos previos, a atención, a motivación, particularidades físicas, etc.

A ensinanza do transporte, repertización e acompañamento, require dunha constante adaptación ás características específicas de cada alumno co propósito de dar unha resposta educativa o máis adecuada posible ás súas necesidades.

En canto ó alumnado con necesidades educativas especiais será preciso instrumentalizar as medidas de atención para a educación de alumnos que, por diversas razóns, temporalmente ou de maneira permanente, non están en condicións de alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades cos medios que habitualmente están a disposición do Centro. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado. En todo caso, esas adaptacións respectarán no esencial os obxectivos fixados no currículo oficial.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

Os temas transversais son temáticas que deben tratarse no sistema educativo e en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero que non conforman unha materia de estudo concreta, e ó mesmo tempo deben ser tratados en todas as materias do currículo. Constarán como temas transversais relacionados coa educación en valores os seguintes:

“Educación moral e cívica”

Promoveranse actitudes de tolerancia e respecto tanto coa realización de exercicios en grupo como individuais.

“Educación para a paz”.

Animarase a unha convivencia harmónica vendo as repercusións positivas da Música no mundo.





“Educación para a saúde e a calidade de vida”. A través da guitarra mostrar como unha posición corporal correcta, contribúe a mellorar a calidade de vida e a coida-la nosa saúde.

“Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos”.

Fomando grupos mixtos, inculcando valores de igualdade, e levando a cabo actuacións que non creen ningún tipo de diferenza entre sexos.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

A constante presenza das TIC´s no mundo actual, fai importante tamén a presenza das mesmas na aula. Así, aproveitaremos os recursos dispoñibles para explorar e dar a coñecer ó alumnado as posibilidades que nos proporcionan os distintos medios tecnolóxicos dispoñibles no centro (Internet, gravación, edición de son, edición de partituras, acceso a partituras de dominio público...)

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

- Participación nas audicións de alumnos que se realicen durante o curso.
- Participación nos cursos, intercambios e demais actividades que se programen durante o curso.
- Asistencia a concertos tanto dentro como fora do centro.

6. Secuenciación do curso

6.1 1º curso

6.1.1 Obxectivos

1. Recoñece-la estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca a primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento.
2. Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.
3. Improvisar unidades formais a partir dun esquema harmónico dado, así como un acompañamento a unha melodía a partir ou non dun baixo cifrado.
4. Coñecer a disposición formal de obras de factura clara, analizando as súas seccións ,puntos de tensión etc., para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura a primeira vista.
5. Demostra-los reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
6. Valora-la improvisación como unha práctica que desenvolva a creatividade e a imaxinación musical.
7. Empregar a lectura á vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
8. Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.



6.1.2 Contidos

PROCEDIMENTAIS

1º TRIMESTRE

- Realización de escalas dunha oitava nas catro posicións do mástil(modos M e m)
- Lectura a primeira vista de exercicios melódicos encadrados nas características do punto 1
- Transposición dos exercicios anteriores a todas as tonalidades
- Repentización de exercicios melódicos en quinta posición do mástil
- Formación de acordes tríadas con tres notas e con fundamental en 4ª, 5ª e 6ª corda en estado fundamental
- Relación dos acordes con a escala maior e o seu encadre dentro do mástil
- Formación dos acordes transportables(Maiores e menores) máis comúns con fundamentais na 4ª, 5ª e 6ª corda

2º TRIMESTRE

- Realización da escala maior de dúas oitavas en tódalas posicións do mástil
- Transformación da escala maior de unha oitava aos modos mixolidio e lidio nas catro posicións posibles do mástil
- Realización das escalas menores(melódica, armónica e dórica) dunha oitava nas catro posicións posibles do mástil
- Lectura a primeira vista de exercicios melódicos encadrados nas características dos puntos 1, 2 e 3
- Transposición dos exercicios anteriores a todas as tonalidades
- Repentización de exercicios melódicos na VII posición
- Formación de acordes tríadas con tres notas e con fundamental na 4ª, 5ª e 6ª corda en primeira inversión
- Relación dos acordes transportables con a escala maior e o seu encadre dentro do dibuxo escalístico dunha oitava
- Realización de estruturas armónicas sinxelas con acordes tríadas. Transporte destas estruturas
- Improvisacións sobre unha base armónica coa escala pentatónica

3º TRIMESTRE

- Realización das escalas menores(melódica, armónica e dórica) de dúas oitavas en tódalas posicións do mástil
- Transformación da escala menor dunha oitava no modo frixio nas catro posicións posibles do mástil
- Lectura a primeira vista de exercicios melódicos encadrados nas características dos puntos 1 e 2
- Transposición dos exercicios anteriores a tódalas tonalidades
- Repentización de exercicios melódicos en V e VII posición con distintas alteracións
- Formación dos acordes de sétima nas súas disposicións máis transportables
- Relación dos acordes de sétima co dibuxo escalístico dunha oitava
- Realización de estruturas armónicas empregando acordes de sétima utilizando o cifrado tradicional. Transporte destas estruturas
- Relación dos acordes con a escala menor e o seu encadre dentro do mástil
- Improvisación sobre unha base armónica con acordes de sétima coa escala pentatónica incorporando tensións cromáticas

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Demostrar o interese pola asignatura coa asistencia regular ás clases.
- Demostrar o interese pola asignatura co traballo diario de aula: exercicios, análises, improvisacións, composicións propias, etc.
- Realizar os traballos individuais, indicados polo profesor, fora da aula e presentarllelos para a súa corrección.
- Colaborar cos distintos departamentos do centro acompañando a alumnos de grao elemental en audicións ou concertos.
- Demostrar o interese polos concertos organizados no conservatorio e fora do mesmo.

6.1.3 Avaliación

6.1.3.1 Criterios de avaliación

- Realizar escalas de unha e dúas oitavas en todas as posicións do mástil no modo M e os seus derivados lidio e mixolidio
- Realizar escalas de unha e dúas oitavas en todas as posicións do mástil no modo menor e os seus derivados frigio, dórico e escala melódica
- Realizar exercicios melódicos a primeira vista encadradas nas escalas empregadas nos pntos 1 e 2
- Transportar os exercicios anteriores a todas as tonalidades
- Repentizar exercicios melódicos en V e VII posición do mastil ata con catro alteracións na armadura, así como de alteracións accidentais
- Realizar procesos armónicos cifrados empregando acordes tríadas e de sétima, buscando as súas fundamentais nas cordas 4ª, 5ª e 6ª. Tanto en estado fundamental como nas súas posibles inversións. Transposición de ditos procesos armónicos
- Improvisar sobre estruturas armónicas empregando as escalas estudadas e enriquecéndoas con tansións cromáticas

6.1.3.2 Mínimos esixibles

Para a superación do primeiro curso o alumno deberá entender e saber realizar todos os contidos expresados

6.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos:

- Reunións coas nais/pais ou titores do alumnado.
- Observación individual do aprendizaxe mostrado nas sesións semanais de clase, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e autocorrección.
- Observación do seu rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.

Ferramentas:

- Diario de aula.
- Boletín de cualificacións.

6.1.3.4 Criterios de cualificación

1.Lectura :

- fluidez,medida,tempo,interpretación e dixitación adecuado ó nivel do curso.
 - coñecer e utilizar diferentes notacións propias da literatura do instrumento.
- 30%

2. Práctica de escalas,acordes,progresións e cifrados diferentes.

30%

3.Capacidade de improvisación coas escalas e acordes traballados.

30%

4.Actitude e asistencia a clase

10%



Criterios de avaliación <u>Homoxeneizados</u>					
Traballo persoal		<u>Actitude</u>		Audicións – Grao de consecución do repertorio	
Semanal de aula	Probas técnicas ou exames de aula	Actitude de aprendizaxe/ Hábitos de estudo	Comportamento/ Asistencia / Puntualidade	<u>Publicas</u>	De aula
40%	20%	10%	10%	5%	15%
60%		20%		20%	
Rexistros					
<u>Libro do profesor</u>	<u>Táboa ou lista de cotexo</u>	<u>Libro do Profesor</u>		<u>Táboa ou lista de cotexo</u>	





Táboa ou listaxe de cotexo homoxeneizado para probas e audicións trimestrais		
Texto: <ul style="list-style-type: none">- Dificultade da obra- Fidelidade a partitura- Memoria	10%	
Ritmo: <ul style="list-style-type: none">- Precisión- Exactitude rítmica- Tempo	20%	
Musicalidade: <ul style="list-style-type: none">- Estilo- Expresión- Fraseo- Carácter- Posta en escena	30%	
Técnica: <ul style="list-style-type: none">- Articulación- Son- Afinación- Respiración- Posición corporal- Pedal- Dixitación	40%	
Resultado final do cotexo		



6.1.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para ampliar matrícula o alumno deberá superar amplamente os obxectivos do curso

6.1.4 Medidas de recuperación

6.1.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Véxase apartado 6.1.3.4

6.1.4.2 Probas extraordinarias de setembro

O alumnado que non supere a materia no mes de xuño, terá un exame de recuperación no mes de setembro, tendo que examinarse do que cada profesor inclúa no informe que se lle dará o alumno o finalizar o curso.

6.1.5 Recursos didácticos

- Armonía moderna vol I e II, (Enric Herrera)
- Ejercicios graduados para leer a vista (Dodgson and Quine)
- Atlas de música ,vol. I,II (Alianza atlas)
- Teoría completa de la música vol.1º,2º (Dionisio de Pedro),Real Musical.
- The ultimate yazz fakebook (Herb Wong) (HLPC).

6.2 2º curso

6.2.1 Obxectivos

1. Recoñece-la estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca a primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento.
2. Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.
- 3..Improvisar unidades formais a partir dun esquema harmónico dado, así como un acompañamento a unha melodía a partir ou non dun baixo cifrado.
- 4.Coñecer a disposición formal de obras de factura clara,analizando as súas seccións , puntos de tensión etc.,para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura a primeira vista.
- 5.Demostra-los reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
6. Valora-la improvisación como unha práctica que desenvolva a creatividade e a imaxinación musical.
7. Empregar a lectura á vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- 8.Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.

6.2.2 Contidos

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Repentización de exercicios a dous voces en V e VII posición do mástil en estilo diatónica
- Realización de baixos cifrados
- Realización de estruturas armónicas con cifrado americano. Transporte de ditas estruturas
- Relacións acorde-escalas dos graos tonais

- Improvisacións melódicas sobre as notas do acorde aplicadas a unha estrutura armónica

SEGUNDO TRIMESTRE

- Repentización de exercicios a dúas voces en V e VII posición do mástil con diversas alteracións na armadura
- Variación de estruturas anteriormente traballadas empregando acordes de substitución
- Relacións acorde-escalas de todos os graos da escala
- Transformación e variación de ideas melódicas centrando o interés nas notas de paso e as bordaduras. Aplicación de ditas variacións a baixos melódicos
- Improvisación sobre estruturas armónicas anteriormente traballadas empregando os acordes de substitución e ideas melódicas ricas en notas de paso e bordaduras

TERCEIRO TRIMESTRE

- Repentización de exercicios a dous voces en V e VII posición do mástil con diversas alteracións na armadura e alteracións accidentais
- Repentización de exercicios a tres voces en V e VII posición do mástil
- Repentización de obras de guitarra de Grao Elemental
- Transformación e variación de ideas melódicas centrando o interés en apoiaturas, retardos e xogos de tensións cromáticas
- Improvisación sobre estruturas armónicas anteriormente traballadas empregando acordes de substitución así como ideas melódicas ricas e todo tipo de notas estranas
- Demostra-lo interese pola asignatura coa asistencia regular ás clases.
- Demostra-lo interese pola asignatura co traballo diario de aula: exercicios, análises, improvisacións, composicións propias, etc.
- Realiza-los traballos individuais, indicados polo profesor, fora da aula e presentarllelos para a súa corrección.
- Colaborar cos distintos departamentos do centro acompañando a alumnos de grao elemental en audicións ou concertos.
- Demostra-lo interese polos concertos organizados no conservatorio e fora do mesmo.

6.2.3 Avaliación

6.2.3.1 Criterios de avaliación

- Repentizar exercicios a dous e tres voces en V e VII posición do mástil con todo tipo de alteracións
- Realizar baixos cifrados. Transporte de dito exercicio
- Realizar estruturas armónicas con cifrado americano. Transporte de dita estrutura
- Variar estruturas anteriormente traballadas empregando os acordes de substitución
- Transformar e variar ideas melódicas empregando todo tipo de notas de adorno e xogo de tensións cromáticas. Aplicación de ditas variacións a baixos cifrados
- Improvisar sobre estruturas armónicas anteriormente traballadas, transformándoas empregando acordes de substitución empregando ideas
- Repentizar obras de guitarra do nivel de Grao Elemental

6.2.3.2 Mínimos esixibles

Para a superación do segundo curso o alumno deberá entender e saber realizar todos os contidos expresados

6.2.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos:

- Reunións coas nais/pais ou tutores do alumnado.
- Observación individual do aprendizaxe mostrado nas sesións semanais de clase, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e autocorrección.

- Observación do seu rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición do traballo realizado mediante a realización de 3 audicións publicas ao longo do curso.
- Observación do seu rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición do traballo realizado mediante a realización de 3 audicións publicas ao longo do curso.

Ferramentas:

- Diario de aula.
- Boletín de cualificacións.

6.2.3.4 Criterios de cualificación

1.Lectura :

- fluidez,medida,tempo,interpretación e dixitación adecuado ó nivel do curso.
 - coñecer e utilizar diferentes notacións propias da literatura do instrumento.
- 30%

2. Práctica de escalas,acordes,progresións e cifrados diferentes.
30%

3.Capacidade de improvisación coas escalas e acordes traballados.
30%

4.Actitude e asistencia a clase
10%



Criterios de avaliación Homoxeneizados					
Traballo persoal		Actitude		Audicións – Grao de consecución do repertorio	
Semanal de aula	Probas técnicas ou exames de aula	Actitude de aprendizaxe/ Hábitos de estudo	Comportamento/ Asistencia / Puntualidade	Publicas	De aula
40%	20%	10%	10%	5%	15%
60%		20%		20%	
Registros					
Libro do profesor	Táboa ou lista de cotexo	Libro do Profesor		Táboa ou lista de cotexo	





Táboa ou listaxe de cotexo homoxeneizado para probas e audicións trimestrais		
Texto: <ul style="list-style-type: none">- Dificultade da obra- Fidelidade a partitura- Memoria	10%	
Ritmo: <ul style="list-style-type: none">- Precisión- Exactitude rítmica- Tempo	20%	
Musicalidade: <ul style="list-style-type: none">- Estilo- Expresión- Fraseo- Carácter- Posta en escena	30%	
Técnica: <ul style="list-style-type: none">- Articulación- Son- Afinación- Respiración- Posición corporal- Pedal- Dixitación	40%	
Resultado final do cotexo		

6.2.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para ampliar matrícula o alumno deberá superar amplamente os obxectivos do curso



6.2.4 Medidas de recuperación

6.2.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Véxase apartado 6.2.3.4

6.2.4.2 Probas extraordinarias de setembro

O alumnado que non supere a materia no mes de xuño, terá un exame de recuperación no mes de setembro, tendo que examinarse do que cada profesor inclúa no informe que se lle dará o alumno o finalizar o curso.

6.2.5 Recursos didácticos

- Armonía moderna vol I e II, (Enric Herrera)
- Ejercicios graduados para leer a vista (Dodgson and Quine)
- Atlas de música ,vol. I,II (Alianza atlas)
- Teoría completa de la música vol.1º,2º (Dionisio de Pedro),Real Musical.
- The ultimate yazz fakebook (Herb Wong) (HLPC).

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A información que proporciona a avaliación é útil para ver se alcanzamos os obxectivos propostos, e en función disto, para rectificar e actualizar constantemente as dificultades que presente o/a alumno/a, tanto no proceso de ensino-aprendizaxe coma na súa programación. A avaliación será:

- Inicial: Permitíranos saber os coñecementos previos do alumno/a sobre o tema para adecuar o desenvolvemento da materia ao seu nivel. Levarase a cabo nos primeiros días no curso, e consistirá nunha valoración do seu traballo durante as vacacións de verán se xa estudiou co profesor/a o ano anterior, ou do seu nivel en caso de ser un novo alumno/a
- Continua: Permítenos un control e seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe posibilitando a súa progresiva e continua adecuación ás dificultades e necesidades que vaian xurdindo respecto á planificación inicial.
- Sumativa ou final: Consiste en comparar os obxectivos iniciais cos resultados finais e permitíranos coñecer se os/as alumnos/as alcanzaron os obxectivos propostos inicialmente.

Asimesmo debemos fomentar que o/a alumno/a participe no proceso de avaliación a través da autoavaliación e a coavaliación para impulsar a autonomía do alumnado, a súa implicación responsable e a elaboración de xuízo e criterio.

Deste xeito previamente realizarase unha avaliación inicial do/da alumno/a para coñecer o nivel de partida dende o cal comeza a súa aprendizaxe. Durante todo o curso farase unha avaliación continua do/da alumno/a mediante a observación sistemática das actividades deseñadas para o seu desenvolvemento na aula. Desta forma, as mesmas tarefas son á vez actividades de avaliación. Por último concluírase cunha avaliación final resultado do traballo do/da alumno/a durante todo o curso, baseándose nos obxectivos conseguidos.



8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Farase un seguimento e avaliación continua da programación a través do diario de aula, así como un seguimento máis xeral da mesma nunha reunión mensual do departamento de guitarra.

Valoraranse e poñeranse en común as dificultades atopadas así como a adecuación da programación ó nivel do alumnado, tomando constancia para unha posible corrección posterior.

Todos aqueles aspectos que sexan destacables tanto para a mellora das programacións como para a mellora xeral do funcionamento do Departamento serán reflectidos na Memoria Final de Curso do Departamento.

CALIBRACIÓN

Realizarase, ao menos, una proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente. Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

9. Anexos

ACCESO AO CURSO 2º

CONTIDOS ESPECÍFICOS

- Realización das escalas menores (melódica, armónica e dórica) e maiores de dúas oitavas en tódalas posicións do mástil • Transformación da escala menor dunha oitava no modo fríxio nas catro posicións posibles do mástil e da escala maior dunha oitava no modo
- mixolidio e lidio nas catro posicións posibles do mástil.
- Lectura a primeira vista de exercicios melódicos encadrados nas características dos puntos 1 e 2
- Transposición dos exercicios anteriores a tódalas tonalidades Todo aquilo que resta monotonía á interpretación e lle confire variedade, carácter ou expresión, aínda sendo correcta en notas e tempo. Musicalidade.
- Repentización de exercicios melódicos en V e VII posición con distintas alteracións
- Formación dos acordes tríadas de tres notas e de sétima nas súas disposicións máis transportables
- Relación dos acordes tríadas e de sétima co dibuxo escalístico dunha oitava
- Realización de estruturas armónicas empregando acordes tríadas e de sétima utilizando o cifrado tradicional. Transporte destas estruturas
- Relación dos acordes con a escala menor e o seu encadre dentro do mástil
- Improvisación sobre unha base armónica con acordes de sétima coa escala pentatónica incorporando tensións cromáticas





PONDERACIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. Lectura :

- fluidez, medida, tempo, interpretación e dicitación adecuado ó nivel do curso.
 - coñecer e utilizar diferentes notacións propias da literatura do instrumento.
- 40%

2. Práctica de escalas, acordes, progresións e cifrados diferentes.
30%

3. Capacidade de improvisación coas escalas e acordes traballados.
30%

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Realizarase unha proba cos seguintes apartados:

- improvisación melódica sobre un esquema armónico dado
- repentización dunha obra de guitarra do nivel de Grao Elemental
- transporte dun fragmento dunha obra

